3.- El pago de la cuota colegial o cualquier otro recurso económico fijado por el Colegio constituye una obligación del colegiado derivada de su pertenencia al Colegio, teniendo el régimen económico-financiero de los Colegios Profesionales un perfil íntegramente privado, sin que exista el control, tutela o fiscalización al que están sometidas las entidades cuyos ingresos son total o parcialmente de carácter público.

Partiendo de lo anterior se puede concluir que el cobro de una contraprestación económica por emisión de dictámenes en los procedimientos de tasación de costas (y jura de cuentas) está perfectamente legitimado y justificado, con independencia de que no pueda ser incluido en la tasación de costas.

4.- Finalmente, es claro que todo abogado incorporado a cualquier Colegio de Abogados de España podrá prestar sus servicios profesionales libremente en todo el territorio del Estado, y para actuar en el territorio de cualquier otro Colegio, no se le puede requerir habilitación alguna ni el pago de contraprestaciones económicas distintas de las que se exijan habitualmente a los colegiados del Colegio donde vayan a intervenir, por la prestación de los servicios de los que sean beneficiarios y que no se encuentren cubiertos por la cuota colegial. E igualmente es innegable que, en estas actuaciones, el abogado está sujeto a las normas de actuación y deontológicas del Colegio en cuya demarcación territorial actúa.

Por todo ello, se puede decir que no existe inconveniente alguno en que un Colegio reclame a un abogado no incorporado en él los derechos a los que se refiere este informe, dado que tiene competencia para ello (artículo 14.4 del vigente Estatuto) y no sería en modo alguno discriminatorio, sino todo lo contrario, pues le está dando el mismo trato que a sus colegiados.

En relación con la manera de hacer efectivo este cobro, los Colegios de Abogados pueden establecer mecanismos de colaboración entre ellos, o bien puede acudir a la vía jurisdiccional correspondiente.

A posta en marcha de tribunais comarcais de instancia: a violencia de xénero en Santiago

Antonio Roma Valdés

Fiscal xefe da Área de Santiago de Compostela



A Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza, supón unha importante transformación da organización xurisdiccional española tal e como a comprendemos ata o momento. Todos os que participamos nas nosas distintas funcións da actuación da xustiza atopamos natural unha organización xurisdiccional caracterizada pola presenza dun ou varios xulgados nos distintos partidos xudiciais. Con todo, esta forma de organizar a planta e demarcación das unidades xurisdiccionais atopa poucos referentes fóra de España e responde a uns esquemas organizativos propios dos séculos XIX e XX.

A demarcación xudicial española ten a súa orixe no Real decreto do 21 de abril de 1834, que é coherente coa división provincial establecida un ano antes e que responde á necesidade de aproximar a xustiza ao cidadán do seu tempo. A Lei provisional sobre organización do poder xudicial de 1870 consolidou esta organización e estableceu na capital das provincias audiencias do criminal, transformadas en 1892 en audiencias provinciais.

A Lei do 5 de agosto de 1907 estendeu o marco ao crear en cada termo municipal un xulgado integrado por xuíces, fiscais e secretarios chamado a solucionar as cuestións xurídicas de menor entidade.

Finalmente, a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e a Lei 38/1988, de demarcación e planta xudicial, completaron nas liñas xerais o actual esquema xurisdiccional español.

Pode dicirse que este esquema é consecuencia das limitacións derivadas das comunicacións no século XIX, cando se viaxaba en dilixencias, caracterizado por establecer un sistema completamente atomizado: no territorio, por canto que o número

de partidos xudiciais é moi elevado, de maneira que cada circunscrición mínima ten na actualidade menor superficie que a que observamos en Portugal e Francia; no número, porque en cada circunscrición atopamos un número moi variable de unidades xurisdiccionais, en España denominados xulgados.

O número de xulgados dentro de cada partido xudicial xorde pola progresiva necesidade de dispoñer dun maior número de xuíces que deben resolver os litixios que se lles presentan. Podemos facilmente deducir que cando o único xuíz que había no partido xudicial de Madrid nalgún momento entre os ss. XIX e XX se viu incapaz de resolver todos os procedementos creouse un segundo xulgado. En realidade, a opción podería consistir en designar un segundo ou sucesivos xuíces atendidos por unha única oficina común, pero optouse por xerar unidades moi reducidas e separadas.

Como contraste, desde comezos do s. XIX en Francia existe un único tribunal de instancia por cada departamento, atendido por un número variable de xuíces, que se organizan de acordo con sistemas de repartición e unificación de criterios.

Probablemente, se hoxe tivéssemos que crear *ex novo* unha nova demarcación e planta xudicial, xerariamos un sistema adaptado ás capacidades de mobilidade actuais, facilitando, ademais, a maior especialización dos xuíces que deben resolver os asuntos. Con todo, os cambios deben ser progresivos na medida en que os contrastes bruscos poden xerar novas dificultades. Desde

o meu coñecemento, os profesionais que exercen as súas funcións en partidos xudiciais próximos ao compostelán son reticentes á concentración xurisdiccional nesta cidade, por canto que entenden que a xustiza pode afastarse do cidadán e desarticular o territorio.

Coas súas dificultades, e sen prexuízo da súa progresiva implantación, o sistema de tribunais de instancia ofrece vantaxes organizativas e debe acrecentar a eficiencia da organización xurisdiccional. Un exemplo atopámolo na asignación de novas prazas xurisdiccionais: mentres que ata o momento crear un novo xulgado nun partido xudicial require orzar, ademais dos medios materiais, os salarios correspondentes axuíz/a, letrado/a da Administración de xustiza e oito integrantes dos corpos ao servizo da Administración de xustiza, a partir de agora a asignación de prazas persoais e medios materiais pode establecerse con maior flexibilidade e menor custo.

Nos próximos tempos será preciso avaliar o funcionamento dos novos tribunais de instancia na medida en que implican un cambio cultural: a oficina xudicial será común para un número variable de xuíces coas consecuentes dificultades que poidan establecerse nas comunicacións internas.

No que aquí interesa, en aplicación da Lei orgánica 1/2025, o Real decreto 530/2025, do 25 de xuño, creou no tribunal de instancia de Santiago unha praza especializada en violencia de xénero con

competencia para os procedementos desta materia, estendida aos partidos xudiciais de Muros, Arzúa, Negreira, Ordes, Ribeira, Noia, Padrón e Santiago. Un total de oito partidos xudiciais con localidades afastadas en máis dunha hora en varios casos, que requirirá acomodar un conxunto non menor de actividades loxísticas.


A Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito, sitúa precisamente as vítimas no centro das políticas criminais e na actuación cotiá dos órganos xurisdiccionais. Con anterioridade, a Lei 27/2003, do 31 de xullo, regulara por vez primeira a orde de protección das vítimas da violencia doméstica e a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, establecera un conxunto de medidas xurisdiccionais e asistenciais dirixidas a garantir a indemnidade persoal e xurídica das mulleres que a sofren.

Na actualidade, a Oficina de Atención á Vítima atópase en Santiago de Compostela, lugar no que tamén estarán fiscais, xuíces e forenses, de maneira que a intermediación coa persoa se atopa asegurada. Como consecuencia, será preciso establecer sistemas que faciliten a chegada das persoas que, como vítimas ou como testemuñas, teñan que prestar declaración. Por outra banda, debe profundarse na actual instalación de sistemas de videoconferencia nas cabezas dos partidos xudiciais distintos ao compostelán para facilitar a presenza daquelas persoas que por diferentes razóns non se trasladen á sede xurisdiccional, sexan investigados, avogados ou testemuñas. Ademais, será necesario establecer sistemas de comunicación, protocolos e horarios de traslado para canalizar o número indeterminado de persoas á sede xurisdiccional no marco do seu horario de apertura ao público.

Outros aspectos de fondo son a competencia para o axuízamento das causas, o órgano que debe atender persoas detidas ou vítimas fóra das horas de apertura ao público ou a competencia dos delitos contra a liberdade sexual.

Fiscalía, Decanato, Imelga e Oficina de Atención á Vítima están a traballar en adiantar as dificultades para que a posta en marcha sexa a que se esixe das institucións de xustiza na resolución dos problemas.

A transformación vai ser importante. No caso da Fiscalía, a súa estrutura adáptase a esta nova organización, de maneira que unha sección de fiscais tramitará case en exclusiva os asuntos que deben ser coñecidos por esta unidade xurisdiccional. Pero o reto é para todos.



Entrevista a **Sandra Iglesias Barral**, xuíza decana do Partido Xudicial de Santiago de Compostela

“A sociedade está concienciada de que non nos podemos permitir unha xustiza lenta”

Tomou posesión como xuíza decana de Santiago en xaneiro de 2025, “comprometendo todo o meu tempo e esforzo para traballar en beneficio dos Xulgados de Santiago, e estou tratando de cumprir con ese compromiso”. Agarda que o novo modelo de Tribunal de Instancia e de oficina xudicial “sirva para gañar en eficiencia, como se pretende desde a letra da lei”.



Queríamos preguntarlle en primeiro lugar por que tomou a decisión de estudar Dereito na universidade. Era vocacional ou debeuse a outros motivos?

Foi unha decisión vocacional, xa desde cativa me chamaba moito a atención e pensaba en defender dalgún xeito os dereitos das persoas. Tiña esa idea clara e nunca barallei outra opción. Penso que son dos estudos que proporcionan unha das formacións máis amplas desde o punto de vista humanista e favorecen o pensamento crítico. Ao tempo, as posibilidades profesionais que ofrecen son moitas para contribuír a unha sociedade máis xusta.

“Hai xulgados de Santiago, como o de Familia ou Primeira Instancia, que asumen máis carga de traballo da que lles corresponden”



E unha vez licenciada, xa tiña claro que quería preparar as oposicións para ser xuíza?

Foi no último ano da carreira cando me decantei pola oposición, despois de coñecer o temario de estudo que abarcaba todas as ramas xurídicas.

O seu primeiro destino profesional foi no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución Número 1 de Ordes. Que lembra desa primeira etapa profesional?

Lémbrome, sobre todo, con moito cariño, das persoas coas que coincidín alí traballando, con algunhas das cales volvíñ coincidir. Tamén dos nervios das primeiras gardas.

Despois pasou como reforzo á Audiencia Provincial, tamén polo Social e posteriormente á Primeira Instancia en Santiago. Supoñemos que este percorrido profesional lle permite ter unha boa radiografía das necesidades dos xulgados.

O certo é que esa traxectoria estame a servir, agora como xuíza-decana, para comprender e empatizar coas necesidades dos compañeiros e compañeiras que represento, e trasladalas onde é necesario, dentro das miñas competencias.

Leva preto dun ano como xuíza-decana, que balance fai?

Eu no seu momento comprometín o meu tempo e esforzo para traballar en beneficio dos Xulgados de Santiago, proximamente Tribunal de Instancia de Santiago, e estou tratando de cumprir con ese compromiso. Melloramos os espazos destinados a persoas menores e vítimas de violencia sobre a muller e agardo que poidamos seguir sumando novos recursos persoais e materiais para esta sede xudicial.

Cales son os grandes retos para mellorar o funcionamento dos xulgados de Santiago? Que melloras en concreto fan falta?

Neste momento temos que traballar a prol da máxima coordinación da que sexamos capaces para a nova sección comarcalizada de Violencia con todos os operadores xurídicos e reclamar novas prazas de xuíces para as seccións de primeira instancia, familia e do contencioso administrativo. De feito, o Consello Xeral do Poder Xudicial, no seu último informe sobre necesidades de planta xudicial, concluíu que é imprescindible a creación dunha nova praza de xuíz na Sección de Instancia de Santiago e que é prioritario crear unha nova praza na Sección de Familia, Infancia e Capacidade.

Un dos asuntos dos que máis se fala e a próxima creación dunha sala especializada en materia de violencia machista en Santiago, que abarcaría Arzúa, Negreira, Padrón e Ordes, ademais dos xulgados da área do Barbanza. É unha decisión acertada? Cre que funcionará ben con esa área de influencia?

Creo que temos que dar unha resposta axeitada á cidadanía neste ámbito. Unha vez que a opción que temos sobre a mesa é a da sección comarcalizada, temos que esforzarnos en prever os retos que implica. Nesa tarefa de facilitar no posible o labor da nova sección estamos a traballar para a coordinación coa Xunta de Galicia, que está a dispoñer medios dixitais de comunicación entre os xulgados comarcalizados, e sufragará o traslado de vítimas e persoas citadas que teñan que desprazarse; co Imelga, coa Fiscalía, coas Forzas e Corpos de Seguridade; e trataremos de seguir sumando vontades de todos os profesionais implicados para que funcione.

Axuda a nova organización da estrutura xudicial no día a día dos xulgados?

O novo modelo de Tribunal de Instancia e de oficina xudicial que se implantará a partir de xaneiro suporá un cambio moi importante de paradigma na Administración de xustiza tal e como a coñecemos. Agardo que os cambios sirvan para gañar en eficiencia como se pretende desde a letra da lei.

Cos números enriba da mesa: Están os xulgados de Santiago ou algún deles nunha situación de colapso?

Ningún deles está colapsado, pero si hai xulgados, como o de Familia ou Primeira Instancia, que asumen máis carga de traballo da que lles corresponden, segundo os módulos de traballo en vigor. Por outra banda, os xulgados do Contencioso tramitan asuntos de moita complexidade técnico-xurídica, polo que, a pesar de que xa contan cun reforzo temporal, necesitan máis medios persoais, é dicir, máis xuíces.

Tense en conta como debería a particularidade de Santiago como capital administrativa á hora de dotar de máis medios aos xulgados?

Como dicía, os xulgados contencioso-administrativos, e tamén os sociais ou os de instrución, por razón da capitalidade e da

“Eu creo firmemente na independencia xudicial e en que no noso país hai un sistema xudicial que garante os dereitos”

residencia de moitos órganos administrativos no partido xudicial, asumen unha carga de traballo que cualitativamente debería terse máis en conta á hora de dotar de prazas xudiciais a Santiago, en lugar de atender só a parámetros numéricos.

Gustaríalle que a xustiza fose unha prioridade maior para os representantes políticos?

Unha sociedade próspera e igualitaria debe priorizar, sen dúbida, os recursos destinados á Xustiza, que é pilar fundamental para a convivencia democrática. E nas mans dos gobernantes está.



Quizais é necesario que sexa a propia sociedade a que demande con máis forza un mellor funcionamento da xustiza?

Creo que a sociedade está concienciada de que non nos podemos permitir unha xustiza lenta. É necesario que a cidadanía saiba que nos países europeos da nosa contorna o número de xuíces por 100.000 habitantes é de 22, mentres que en España somos 11.9, segundo os datos do Consello de Europa do ano pasado. Un país que non dota a súa Administración de xustiza de medios non pode afirmar que aspira a ser un verdadeiro estado democrático nin a ter unha sociedade igualitaria.

Preocúpalle que a xustiza sexa tan protagonista nos casos de corrupción que aparecen na política?

Ese protagonismo penso que non é buscado polos xuíces. Eu creo firmemente na independencia xudicial e en que no noso país hai un sistema xudicial que garante os dereitos, onde atopamos exemplos de procedementos xudiciais que afectan a gobernantes dun ou doutro signo

político porque todos debemos ser iguais ante a lei. Quen fala de *lawfare* faino cun interese político ou é alguén que sucumbiu á manipulación informativa que responde a ese mesmo interese.

Que relación mantén coa avogacía de Santiago?

Unha relación de cordialidade e respecto institucional que, pola miña parte, vén dada pola crenza de que o servizo público de xustiza necesita que todos rememos na mesma dirección e na avogacía de Santiago percibo a receptividade para iso. Son profesionais clave na garantía do acceso universal á xustiza e do Estado de Dereito.

Fai falta unha maior coordinación entre os diferentes axentes que forman parte da xustiza? Ou considera que é a correcta?

Sempre que se aposte polo traballo conxunto e coordinado a favor do servizo público, penso que imos acertar e temos que avanzar nesa dirección, respectando as funcións de cadaquén.

Como muller, quedan na xustiza teitos de cristal por derrubar?

Estance xa a derrubar. Deuse un paso importante na paridade nas salas do Tribunal Supremo cos recentes nomeamentos. Temos a primeira presidenta do Consello Xeral do Poder Xudicial e a primeira presidenta na nosa Audiencia Provincial. A maioría que hai hoxe de mulleres xuízas e maxistradas, fiscais, avogadas, penso que seguirá acadando novos postos de responsabilidade.

Avanzouse entón neste terreo.

Si, pero dito isto, a Comisión de Igualdade do Consello Xeral do Poder Xudicial vén apreciando que aínda un número minoritario de mulleres se presentan a procesos selectivos para presidir tribunais, salas ou para ser maxistradas do Tribunal Supremo; que a renuncia a cursos

“Temos que dar unha resposta axeitada á cidadanía no ámbito da violencia machista”

de formación concedidos é terminantemente máis frecuente por parte das mulleres, polas dificultades de conciliación; e que as medidas de conciliación outorgadas foron dirixidas en máis do 90 % a mulleres xuízas, con preponderancia da excedencia que as aparta durante un a tres anos da carreira profesional sen retribución. As dificultades para conciliar o traballo, a formación

continua e o coidado da familia son predicables doutras profesionais do ámbito xurídico e é necesario atallalas.

Pida un desexo para a xustiza nos vindeiros 20 anos.

Que a “xustiza áxil” sexa unha realidade.



Cuestionario persoal:

Campo ou cidade? Cidade

Un lugar de Galicia: Santiago de Compostela

Un libro: *Los años* de Annie Ernaux

Unha comida: Tortilla de patacas

E para beber? Auga

Unha frase ou refrán: O perfecto é inimigo do bo

Un personaxe histórico: Marie Curie

Un sinónimo de Galicia: Casa

Unha película: *Cinema Paradiso*

Unha canción: A música que de verdade me emociona é a de Bach

Un desexo: Paz e respecto polos dereitos da infancia

Un vicio confesable: O café

Toma de posesión dos novos membros da Xunta de Goberno

O Colexio da Avogacía de Santiago celebrou como cada ano a súa xunta xeral, na que o decano, Francisco Rabuñal, repasou os acontecementos máis significativos que tiveron lugar no 2024 e aprobouse a conta xeral de gastos e ingresos.

Ademais, tomaron posesión dos seus cargos os membros da Xunta de Goberno elixidos nas últimas eleccións: Margarita Ruíz Núñez, Jorge Romero Rivera, Pilar Fonseca Cao, José Antonio Montero Vilar e Manuel Martín García. Rabuñal fixo unha mención especial “a Ramón Quintela e Javier Constenla polo

traballo que durante tanto tempo fixeron na xunta de goberno do colexio”.



Prazas de estacionamento para o Colexio da Avogacía de Santiago e para a avogacía de Padrón

Despois das xestións realizadas pola Xunta de Goberno ante o Concello de Santiago, desde o pasado mes de outubro contamos diante da nosa sede colexial cunha praza de aparcadoiro reservada.

Os avogados e avogadas da quenda de oficio, así como o resto dos colexiados e colexiadas, poden utilizar a praza cando veñan facer algunha xestión. Agradecemos ao Concello de Santiago a súa receptividade á nosa demanda, facilitando desta forma o traballo diario da avogacía de Compostela.

En Padrón, grazas ás xestións levadas a cabo polo Colexio da Avogacía de Santiago e polo delegado, Xosé Antón Barreiro, os colexiados e colexiadas contan tamén desde a pasada primavera cunha praza

de estacionamento reservada os domingos e festivos ao carón dos xulgados.

Era unha demanda realizada hai tempo, xa que sobre todo os días de feira é complicado atopar praza de estacionamento para os profesionais da quenda de oficio. Agradecemos ao Concello de Padrón que atendese esta demanda, que mellorará o día a día dos colexiados e colexiadas de Padrón.



Renovación dos equipos informáticos

O Colexio da Avogacía de Santiago renova os equipos informáticos á disposición dos nosos colexiados e colexiadas nas sedes dos partidos xudiciais. Nas últimas semanas, procedeuse á renovación dos equipos en Padrón, Negreira e Ordes. O novo equipamento facilitará o traballo cotián dos avogados e avogadas que forman parte do noso colexio.



Recoñecemento á ACEM e Medalla de Ouro para Ramón Quintela e Javier Constenla

O Colexio da Avogacía de Santiago celebrou San Raimundo no Hostal cun emotivo acto



O Colexio da Avogacía de Santiago celebrou a súa festividade anual de San Raimundo 2025 na pasada primavera. O acto solemne foi no Comedor Real do Hostal dos Reis Católicos e contou coa presenza do delegado do goberno en Galicia, Pedro Blanco; a alcaldesa de Santiago, Goretti Sanmartín, e o director xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, José Tronchoni.

Estiveron tamén o daquela presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), José María Gómez y Díaz-Castroverde; o fiscal superior de Galicia, Fernando Suanzes; a xuíza decana de Santiago, Sandra María Iglesias, e o fiscal xefe de Santiago, Antonio Roma, ademais de representantes de todos os grupos políticos municipais, do Parlamento de Galicia, e das forzas de seguridade.



Francisco Rabuñal, decano do Colexio da Avogacía de Santiago, aproveitou a festividade para “demandar unha vez máis novos xulgados e máis medios para a xustiza de Compostela, que debe ser máis efectiva, áxil e próxima ao cidadán”.

Rabuñal tivo unha mención especial “para Ramón Quintela, que desde o ano 1994 estivo na xunta de goberno e axudando á profesión, e para Javier Constenla, que deixa tamén a xunta despois de moito tempo de traballo”.

Os dous, Ramón Quintela Miramontes e Javier Constenla Vega, recibiron emocionados e con agradecemento a Medalla de Ouro do ICA Santiago, coa que a institución recoñece o traballo que realizaron durante moitos anos na xunta de goberno da institución.

O XV Premio de Dereitos Humanos foi nesta ocasión para ACEM Santiago (Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple, Párkinson, ELA e outras). “Un orgullo para o colexio que este premio cumpra quince anos recoñecendo o traballo da ACEM, que fai un labor diario moi importante para atender as persoas con esclerose múltiple, ELA ou Párkinson, doenzas que repercuten tamén no día a día dos seus familiares e achegados”, afirmou Rabuñal.

Como cada ano, no acto entregouse a insignia de ouro e os diplomas aos colexiados e colexiadas



que cumpren 40 anos de exercicio profesional, nesta ocasión: Jacoba Millán Acosta; Manuel Comendador Rey; José Carlos García Cumplido; María José Lorenzo Sueiro; Ramón Sabín Sabín; Emilio Sánchez Vieites, e Alberto Torreiro Santiso. Todos eles agradeceron o recoñecemento, lembrando con anécdotas os cambios nunha profesión “moi dura pero apaixonante”, como todo o relativo á dixitalización da xustiza.

Tamén se entregaron os diplomas aos letrados e letradas que cumpren 25 anos de exercicio profesional e houbo unha xura ou promesa de novos letrados e letradas. “Un momento moi especial para os novos letrados e letradas e as súas familias”, rematou o decano do colexio, que lles desexou “moita sorte nesta nova etapa profesional que agora comeza”.

Tras o acto, celebrouse un viño de honra no claustro do Hostal dos Reis Católicos e a xornada rematou cunha cea-baile no Hotel Oca Puerta del Camino.

Actividades de formación continua durante todo o ano

O Colexio da Avogacía organiza cursos e xornadas para os seus colexiados e colexiadas

Colexio da Avogacía de Santiago ten, entre os seus obxectivos prioritarios, a formación continua dos seus colexiados e colexiadas, con actividades durante todo o ano de temáticas moi diversas e con relatores e relatoras de primeiro nivel.

O ano comezou coa última sesión das xornadas sobre contratación pública organizadas polo Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, o Consello da Avogacía Galega e Viaqua, que comezaron no outono de 2024.



Posteriormente, celebrouse a xornada práctica sobre o programa informático de xestión da quenda de oficio e das asistencias Colaboweb. Nela explicáronse as distintas aplicacións e funcionalidades do novo programa de xestión: como presentar as declaracións trimestrais; que quendas están pendentes de declarar; cales están declaradas e aboadas etc.



Lei 1/2025

En marzo, o Colexio, en colaboración coa Escola de Práctica Xurídica, organizou unhas xornadas de estudo arredor das reformas introducidas pola Lei 1/2025, do 2 de xaneiro, de eficiencia do servizo público da xustiza. Falouse de 'Incidencias nos procedementos declarativos e MASC', con José Gómez Rey, maxistrado da AP da Coruña, Sección 6ª, e de 'Incidencias nas execucións', con José Manuel Silvosa Tallón, LAX do Xulgado de Arzúa.

Na segunda sesión, os temas foron a 'Organización



xudicial dos tribunais de instancia', con Sandra Mª Iglesias Barral, xuíza decana de Santiago de Compostela, e as 'Incidencias no procedemento penal', con Antonio Roma Valdés, fiscal xefe da Fiscalía de Santiago de Compostela.



O salón de actos do colexio acolleu tamén antes do verán a xornada de análise da proposta de lei 'Pasarela ao RETA', impartida por Victoria Regueira Rodríguez, letrada da Seguridade Social, e as

xornadas de actualización de coñecementos en materia de estranxeiría tras a entrada en vigor do RD 1155/2024, organizadas polo Colexio da Avogacía de Santiago. A relatora foi Sonia Canay Pazos, avogada exercente do ICA Pontevedra e especialista en estranxeiría, que falou do Estatuto do familiar, as autorizacións por estadias, o permiso de traballo inicial, o permiso de traballo de temporada, e as modificacións dos permisos de traballo.



O Servizo de Asesoramento Lingüístico do Colexio da Avogacía de Santiago organizou o pasado mes de novembro un seminario co obxectivo de potenciar a calidade da redacción xurídica dos escritos da avogacía en lingua galega.

Violencia de xénero

Tamén o pasado mes de novembro, foron as xornadas sobre violencia de xénero e violencia sexual, organizadas polo Colexio da Avogacía de Santiago, en colaboración co Consello da Avogacía Galega e coas consellerías de Presidencia e Política Social.

Esta formación, ou aqueloutra que sexa asimilable, é necesaria para aqueles colexiados e colexiadas que soliciten a súa incorporación á quenda específica de violencia de xénero, en cumprimento da esixencia en canto a formación específica na materia que se establece na lexislación vixente. É así mesmo necesaria para os colexiados e colexiadas que xa estean na quenda de violencia de xénero pero que non acrediten formación continua na materia durante os tres últimos anos.

Intervíñeron María Martín González, avogada especializada en perspectiva de xénero nos ámbitos civil e penal do dereito; Antonio Roma Valdés,



fiscal xefe da Fiscalía de Santiago de Compostela; María Paz Filgueira Paz, maxistrada do Xulgado de Instrución Núm. 3 de Santiago de Compostela; Inés Rodríguez Leira, coordinadora e asesora xurídica do Centro de Crise de Santiago; Lara Fuentes Enjamio, psicóloga do Centro de Crise de Santiago, e Raquel Álvarez Barreiro, fiscal da Fiscalía de Santiago de Compostela.

Nas últimas datas, houbo a xornada 'Recurso de casación, dúbidas e certezas', con José Ramón García Vicente, letrado do gabinete técnico do Tribunal Supremo, catedrático de Dereito Civil da Facultade de Dereito da Universidade de Salamanca, e un Curso práctico de Verifactu, con Remedios Vázquez Gil, técnica da área de xestión da AEAT de Santiago de Compostela.



O colexio asina un convenio de colaboración con Unayta para a transformación dixital dos colexiados

O Colexio da Avogacía de Santiago asinou un acordo de colaboración con 'Unayta Oficinas sen papeis', unha consultora especializada na dixitalización, conservación documental e transformación dixital, que conta cunha sólida traxectoria no deseño e a implantación de solucións para a mellora de procesos documentais, a xestión eficiente de arquivos e a implementación da oficina sen papel.

O acordo, asinado por primeira vez no colexio con sinatura biométrica polo decano, Francisco Rabuñal, e Balbina Gandará, en representación de Unayta, suporá a posta en marcha de accións formativas conxuntas e importantes descontos (do 25 %) para os colexiados e colexiadas interesadas nos seguintes servizos de transformación dixital e consultoría documental:

Dixitalización de procesos administrativos; Solucións personalizadas para optimizar a xestión documental dos despachos; implementación de siste-

mas de arquivo dixital; optimización de procesos de xestión documental para favorecer a transición cara a contornas sen papel; automatización de fluxos de traballo con ferramentas que permitan a automatización de tarefas administrativas recorrentes; consultoría especializada en anonimización de datos e documentos sensíbles, e implementación de sistemas de sinatura biométrica.

Por outra parte, Unayta ofrecerá un servizo especializado de auditoría documental adaptado ás necesidades dos colexiados e colexiadas interesadas.



Renovación da colaboración con Unión de Artesanos

O Colexio da Avogacía de Santiago renovou este ano o acordo de colaboración con Unión de Artesanos para ofrecer unha promoción especial dun seguro de saúde aos colexiados/as e aos seus familiares. Na sinatura participaron Francisco Rabuñal, decano do Colexio da Avogacía de Santiago, e Roberto Barcia, presidente de Unión de Artesanos.

Grazas a este acordo, os colexiados ou familiares que tramiten a alta nesta póliza non pagan as tres primeiras mensualidades. É unha póliza sen copagamentos; sen carencia para consultas e probas diagnósticas; sen incremento de cota por idade (dende a contratación); coa posibilidade de contra-

tación sen límite de idade, e cun gran cadro médico cos mellores especialistas e centros sanitarios. Para tramitar a alta nesta póliza debes acudir ás oficinas de Unión de Artesanos, na rúa do Xeneral Pardiñas, 9-11 (entreplanta).



Por favor

Xosé Manuel Lago Louro

Avogado, col. 2106 ICA Santiago



Sendo fillo do mar e da terra como o son, sendo fillo de mariñeiro e labrega, é normal que o idioma galego forme parte do meu ADN dado que, ese ámbito, mariñeiro e rural, é o ámbito no que o meu idioma estivo recluído por imperativo incluso legal, por moitos



anos e incluso séculos, moi escuros todos eles. Nese ámbito, o falar galego é algo natural (ou cando menos érao) e non existía rareza ningunha porque alguén falase galego.

Grazas ao sistema público educativo, accedín á Universidade de Santiago de Compostela e rematei a licenciatura de Dereito. Xa non me atopaba nese ámbito rural e mariñeiro no que o galego imperaba, senón nun ámbito universitario no que o castelán se impuña.

Comezado o meu exercicio profesional no eido da avogacía, seguí empregando o meu idioma materno e propio, e nunca atopei ningún obstáculo en facelo, máis aló, evidentemente, da falta de ferramentas xurídicas que faciliten o traballo a aquelas persoas que empregamos o idioma galego no noso exercicio profesional, pero iso solucionámolo os que somos activistas na defensa do noso idioma, con convicción e máis horas de traballo, que asumimos, cando menos eu, gustosamente.

Aconteceu así e todo un día, que ao inicio dunha vista, a letrada da parte contraria, de Madrid, solicitoulle ao xuíz que me requirise para que, con base no seu dereito de defensa, empregase o castelán, dado que ela descoñecía o idioma galego. Todo iso solicitouno a compañeira cando eu aínda non emitira a primeira palabra,

polo que non podería saber se eu empregaba o galego ou o castelán. Entendín naquel momento que o requirimento formulouno porque a miña contestación á demanda estaba, como non, redactada en galego. O xuíz, coñecedor do Dereito, manifestoulle á letrada que non podería levar a cabo tal requirimento dado que o letrado,

referíndose a min, tiña o dereito a expresarse ou ben en galego ou ben en castelán. Así o recoñece o artigo 142.3 da Lei de axuízamento civil, segundo o cal: «As partes, os seus procuradores e avogados, así como as testemuñas e peritos, poderán empregar a lingua que sexa tamén oficial na Comunidade Autónoma en cuxo territorio teñan lugar as actuacións xudiciais, tanto en manifestacións orais coma escritas.» Aquela petición formulada pola compañeira sorprendeume moito, non polo seu contido, que incluso me pareceu lóxico, senón pola forma en que a formulou. Se ela, coa contestación á demanda, viu que esta estaba redactada en





galego e polo tanto concluíu de xeito lóxico que eu empregaría o idioma galego, non entendo como non me pediu persoalmente o favor de empregar o castelán, incluso antes da vista, e, non obstante, viu como algo lóxico ou normal solicitar o amparo xudicial para formular tal requirimento.

O relatado conecta co que expuxen ao comezo deste artigo. O emprego do idioma galego, aínda hoxe, vese como algo natural nos ámbitos do mar e da terra, e vese como algo anecdótico (xa o foi máis desde logo), nos ámbitos máis cultos. Concluíu a compañeira letrada de Madrid que se este letrado que lles escribe redacta a súa contestación á demanda en galego, e non atopándonos no ámbito rural e polo tanto propio do galego, estaría perante un activista defensor do idioma galego que non se expresaría en castelán. Non errou desde logo a compañeira se me considerou activista defensor do noso idioma, no que si errou foi no feito de considerar á persoa que emprega o idioma galego fóra do ámbito que lle sería propio, como unha persoa coa que non poder falar e sentir a necesidade de solicitar o amparo xudicial para tratar de obrigir a un compañeiro a empregar un idioma distinto do propio.

Aconteceu tamén, que cando a miña parella aprobou unha oposición para o acceso a un posto na Administración Xeral do Estado, tivo que facer, xunto con outras compañeiras galegas, un curso duns meses de duración en Barcelona. Durante ese curso ofrecíase aos e ás participantes a posibilidade de participar nun seminario de coñecemento do idioma catalán. Todas as persoas galegas accederon e participaron no seminario de coñecemento do idioma catalán.


Rexeitaron participar no antedito seminario as persoas pertencentes a territorio estatal onde só existe como idioma oficial o castelán. «Yo no tengo la obligación de aprender catalán». Este foi o argumento dado para non participar no curso de formación e coñecemento do idioma catalán.

Puido acontecer, anos despois, que algunha das compañeiras da miña parella que rexeitaron participar no curso de coñecemento do idioma catalán, fose a mesma persoa que tratou de obrigarme a empregar o idioma castelán solicitando o amparo xudicial. E se así fose, debería eu acceder ao requirimento de empregar o castelán? Desde logo, non o consideraría nada útil para a letrada adversa, nin para a súa formación cultural nin académica e moito menos persoal, dado que dese xeito estaría contribuíndo este letrado que lles escribe a afondar aínda máis na eiva persoal e cultural da letrada, así como na visión deturpada que esta tiña e seguro que mantén, dos letrados e letradas que no noso exercicio profesional empregamos a nosa lingua materna e o idioma que nos é propio.

Aconteceu que naquela vista, e tras un debate moral interno moi curto pero intenso e lonxe do que é propio en min, decidín ser mala persoa, e moi ao meu pesar, decidín non contribuír a sandar a eiva cultural, académica e sobre todo humana da compañeira letrada, e acabei empregando o idioma castelán. Iso si, tras solicitar a pertinente venia á súa Señoría para intervir, manifesteille, non ao xuíz, senón directamente á compañeira, que empregaría o idioma castelán se mo solicitaba directamente, sen solicitar amparo xudicial e como condición *sine qua non*, empregando a expresión «por favor». Así o fixo.



XVIII Xornada Xustiza e Lingua do Colexio da Avogacía



Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela (ICAS), coa colaboración da Secretaría Xeral da Lingua (SXL), organizou a décimo oitava edición desta xornada, que un ano máis procurou ofrecer unha análise da situación do galego na xustiza dende distintas ópticas que operan ou teñen relación con este ámbito.

Nesta ocasión, participaron Isabel Suárez (maxistrada do Xulgado de 1ª Instancia Núm. 1 de Santiago), co relatorio “Lingua e xudicatura”; Eduardo Porta (avogado, col. 2007 do ICAS), que abordou “A lingua galega na Administración de xustiza”; e Diana Santiago (profesora titular de Dereito Administrativo da USC), que nos falou de “Lex.gal: unha ferramenta para a consulta do dereito galego consolidado”.

Con carácter previo, na presentación da xornada interviñeron o decano do colexio, Francisco Rabuñal, o secretario xeral da Lingua, Valentín García, o presidente da Real Academia Galega, Henrique Monteagudo, e o concelleiro de Economía, Manuel César, en representación do Concello de Santiago.



Moito ollo coa cláusula chan do contrato hipotecario

Toma nota!

O **Tergal** (Banco de termos galegos recomendados para diversos conceptos das linguas de especialidade) valida o termo **cláusula chan** coa definición “Disposición dun contrato hipotecario pola que se establece un límite mínimo á variación do tipo de xuro que o titular está obrigado a aboar aínda que baixe o índice de referencia”.

Artigo 2.3 do Real decreto lei 1/2017, do 20 de xaneiro, de medidas urxentes de protección de consumidores en materia de cláusulas chan:

«Entenderase por **cláusula chan** calquera estipulación incluída nun contrato de préstamo ou crédito garantidos con hipoteca inmobiliaria a tipo variable, ou para o tramo variable doutro tipo de préstamo, que limite á baixa a variabilidade do tipo de xuro do contrato.»



(BOE, suplemento en lingua galega ao núm. 18, do 21.01.2017: https://boe.es/boe_gallego/dias/2017/01/21/pdfs/BOE-A-2017-653-G.pdf)

O Colexio nas redes sociais

Colexio da Avogacía de Santiago utiliza os seus perfís nas redes sociais como unha ferramenta máis de comunicación cos seus Colexiados e Colexiadas, ademais de informar das nosas actividades aos veciños e veciñas do partido xudicial, institucións, formacións políticas e calquera tipo de colectivo interesado.

A comunidade nas redes medra de forma continua e a día de hoxe conta con 450 seguidores en Instagram, que é o perfil cun maior incremento (15 % nun ano). Tamén temos 1.930 seguidores en X e 935 en Facebook.

Desde o pasado mes de outubro, súmase a esta comunidade a canle de Whatsapp, neste caso para Colexiados e Colexiadas, que conta xa con máis de



130 persoas subscritas despois de só tres semanas de funcionamento.

As redes sociais recollen todas as actividades de formación que realiza o Colexio durante o ano, así como imaxes de celebracións como San Raimundo de Peñafort.

Ademais, difúndense sentenzas con repercusión mediática, novidades xurídicas, actividades do Consejo General de la Abogacía Española (como as Conferencias dos luns) e outras publicacións que poden ser de interese. O Colexio da Avogacía de Santiago conta tamén cunha canle de Youtube na que publica parte das xornadas formativas que se desenvolven ao longo do ano.



O Colexio nos medios

Colexio da Avogacía de Santiago apareceu durante todo o ano nos medios de comunicación polas actividades que organiza e polas súas reivindicacións. Unha delas chegou en primavera, cando a Xunta de Goberno do Colexio demandou “a creación dun novo xulgado de violencia sobre a muller e o mantemento dos actuais de instrución no Partido Xudicial de Compostela”.


No acto de celebración de San Raimundo de Peñafort, no Hostal dos Reis Católicos, Francisco Rabuñal aproveitou para “demandar unha vez máis novos xulgados e máis medios para a xustiza de Compostela, que debe ser máis efectiva, áxil e próxima á cidadanía”.

O Colexio da Avogacía de Santiago saíu tamén na prensa o Día da Xustiza Gratuíta (12 de xullo). Os medios de comunicación destacaron que só no primeiro semestre do ano recibiu 2.567 solicitudes de xustiza gratuíta, case cen cada semana.

O Colexio da Avogacía de Santiago asinou en 2025 varios acordos de colaboración, como o que ten actualmente con ‘Unayta Oficinas sen papeis’, unha consultora especializada na dixitalización, conservación documental e transformación dixital.



Haz que tu plan de pensiones despegue con una bonificación extra de hasta un **4 %**



Trae tu **Plan de Pensiones a Mutualidad** antes del 31 de diciembre y **recibe una bonificación inmediata** del saldo transferido en tu cuenta bancaria, según tu permanencia.

BONIFICACIONES¹

2%

si lo mantienes

3 años**4%**

si lo mantienes


5 años

¡Mueve tu plan y gana más!

Por ejemplo, al traer tu plan de 20.000 € a Mutualidad y mantenerlo al menos 5 años **recibes 800 € brutos** de bonificación inmediata (4%).

Prepárate para que tu ahorro llegue más alto con el **PPA Mutualidad: 4,17%**

rentabilidad media últimos 10 años²



- ➔ Aporta hasta 1.500 € al año con desgravación fiscal
- ➔ Rescata tu ahorro en los casos permitidos

Trae tu plan.

www.mutualidad.com | 914 352 486

1. Promoción válida desde el 1 de noviembre hasta el 31 de diciembre de 2025.

Ver bases de la promoción en mutualidad.com

2. Rentabilidades pasadas no implican rentabilidades futuras. Rentabilidad a cierre de 2024: 4;13%